

# MINISTERIO DA PRESIDENCIA

**7354** REAL DECRETO 450/2005, do 22 de abril, sobre especialidades de enfermaría. («BOE 108, do 6-5-2005.»)

A constante evolución que nos últimos anos experimentaron os coñecementos científicos, os medios técnicos e o propio sistema sanitario, así como a modificación dos patróns epidemiolóxicos, a evolución da pirámide de poboación e as necesidades de atención e cuidados especializados que demandan os pacientes e os usuarios do Sistema Nacional de Saúde, aconsellan a revisión do Real decreto 992/1987, do 3 de xullo, polo que se regula a obtención do título de enfermeiro especialista.

A entrada en vigor da Lei 44/2003, do 21 de novembro, de ordenación das profesións sanitarias, que aborda no seu título II unha nova regulación das especialidades en ciencias da saúde, determina a necesidade de proceder a unha nova regulación regulamentaria destas, incluíndo as especialidades de enfermaría, e dos órganos de apoio á formación especializada, para adecuar todo iso á nova norma legal. Tal regulación deberase realizar mediante un real decreto, adoptado polo Goberno por proposta dos ministros de Educación e Ciencia e de Sanidade e Consumo, tal e como prevé o artigo 16 da citada lei.

Non cabe esquecer que unha nova regulación das especialidades de enfermaría deberá ter en conta non só as recomendacións que, neste ámbito, se produciron na Unión Europea, senón tamén as previsións constitucionais relativas á protección da saúde dos cidadáns e as competencias que, en materia de asistencia sanitaria, teñen atribuídas as comunidades autónomas. Todo iso leva ao establecemento dun sistema de especialización cuxo desenvolvemento se deberá producir dentro do modelo do Espazo Europeo de Educación Superior xurdido da Declaración de Boloña, e cuxo novo catálogo de especialidades debe responder ao obxectivo de lles proporcionar unha mellor atención sanitaria aos cidadáns, sen que iso supoña obviar as aspiracións de desenvolvemento profesional e de libre mobilidade no Sistema Nacional de Saúde, tanto dos enfermeiros especialistas coma dos enfermeiros responsables da prestación de cuidados xerais, nin as competencias das comunidades autónomas para a organización e xestión dos seus servizos de saúde.

Na tramitación deste real decreto emitiron informe a Comisión de Recursos Humanos do Sistema Nacional de Saúde, o Comité Asesor de Especialidades de Enfermaría e o Consello Xeral de Colexios Oficiais de Enfermaría.

Na súa virtude, por proposta das ministras de Sanidade e Consumo e de Educación e Ciencia, coa aprobación previa do ministro de Administracións Públicas, de acordo co Consello de Estado e logo de deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 22 de abril de 2005,

## DISPÓNDO:

### Artigo 1. *Título de enfermeiro especialista.*

1. O título de enfermeiro especialista, expedido polo Ministerio de Educación e Ciencia, ten carácter oficial e validez en todo o territorio do Estado e será necesario para utilizar de modo expreso a denominación de enfermeiro especialista, para exercer a profesión con tal carácter e para ocupar postos de traballo con tal denominación en centros e establecementos públicos e privados.

2. A obtención do título de enfermeiro especialista require:

a) Estar en posesión do título de diplomado universitario en enfermaría ou equivalente recoñecido ou homologado en España.

b) Ter realizada integramente a formación na especialidade correspondente, conforme o establecido neste real decreto.

c) Ter superadas as avaliacións que se establezan e depositar os dereitos de expedición do correspondente título.

3. A existencia do título de enfermeiro especialista non afectará as facultades profesionais que asisten os diplomados universitarios de enfermaría como enfermeiros responsables de cuidados xerais, nin o seu acceso a actividades formativas, a súa carreira ou desenvolvemento profesional, nin o desempeño de postos de traballo que non teñan a denominación de especialista.

### Artigo 2. *Especialidades de enfermaría.*

1. As especialidades de enfermaría son as seguintes:

- a) Enfermaría obstétrico-xinecolóxica (matrona).
- b) Enfermaría de saúde mental.
- c) Enfermaría xeriátrica.
- d) Enfermaría do traballo.
- e) Enfermaría de cuidados médico-cirúrxicos.
- f) Enfermaría familiar e comunitaria.
- g) Enfermaría pediátrica.

2. Correspóndelle ao Goberno, por proposta dos ministros de Educación e Ciencia e de Sanidade e Consumo, logo dos informes da Comisión de Recursos Humanos do Sistema Nacional de Saúde, do Consello Nacional de Especialidades en Ciencias da Saúde e do Consello Xeral de Colexios Oficiais de Enfermaría, a creación, cambio de denominación ou supresión das especialidades que o progreso científico e tecnolóxico aconselle, de acordo coas necesidades sociais e de saúde.

### Artigo 3. *Formación do enfermeiro especialista.*

1. A formación do enfermeiro especialista, nas especialidades que se citan no artigo anterior, realizarase, nos termos previstos no artigo 20.2 da Lei 44/2003, do 21 de novembro, de ordenación das profesións sanitarias, polo sistema de residencia en unidades docentes acreditadas para a formación especializada.

Son enfermeiros residentes aqueles que, para obteren o seu título de enfermeiro especialista, permanecen nas unidades docentes acreditadas durante un período, limitado no tempo, de práctica profesional programada e tutelada conforme o previsto no programa formativo, para obteren os coñecementos, técnicas, habilidades e actitudes propios da correspondente especialidade, de forma simultánea á progresiva asunción polo residente da responsabilidade inherente ao exercicio autónomo daquela.

2. Os enfermeiros residentes formalizarán co servizo de saúde ou coa entidade responsable da unidade docente acreditada, segundo proceda, o oportuno contrato de traballo conforme o disposto no artigo 20.3.f) da Lei 44/2003, do 21 de novembro.

Unha vez incorporados á súa praza, os enfermeiros residentes iniciarán nela o correspondente programa formativo na unidade docente de que se trate, baixo a supervisión e coordinación da correspondente comisión de docencia.

3. O programa formativo das especialidades de enfermaría desenvolverase a tempo completo e obrigará, simultaneamente, a recibir unha formación e a prestar un traballo que lle permita ao enfermeiro aplicar e perfeccio-

nar os seus coñecementos e lle proporcione unha práctica profesional programada. Para estes efectos, a metodoloxía docente daralle prioridade á autoaprendizaxe tutorizada, coa utilización de métodos educativos creativos que aseguren a participación activa e a aprendizaxe experiencial.

4. Ademais das avaliacións que se prevén no artigo 1.2.c), durante o período formativo os enfermeiros residentes estarán suxeitos a avaliación continuada na unidade docente onde se estean formando.

5. Os enfermeiros residentes inscribíranse no Rexistro nacional de especialistas en formación, xestionado polo Ministerio de Sanidade e Consumo.

As altas e baixas no Rexistro nacional de especialistas en formación comunicaranse ás consellerías de Sanidade das comunidades autónomas. A información relativa ás demais anotacións que se inclúan no dito rexistro facilitarase ás consellerías de Sanidade que así o soliciten, con suxeición ás previsións contidas nas normas que en cada momento regulen a protección de datos de carácter persoal.

#### Artigo 4. *Acceso á formación en especialidades de enfermaría.*

1. Os que pretendan iniciar a formación como enfermeiro residente serán admitidos nunha unidade docente acreditada tras superaren unha proba anual, única e simultánea de carácter estatal, que ordenará os aspirantes de acordo cos principios de igualdade, mérito e capacidade.

2. O Ministerio de Sanidade e Consumo, logo de informe do Ministerio de Educación e Ciencia e da Comisión de Recursos Humanos do Sistema Nacional de Saúde, establecerá as normas que rexerán a proba a que se refire o punto anterior, que en todo caso incorporará un exercicio ou conxunto de exercicios que avaliará coñecementos teóricos e prácticos e habilidades asistenciais e comunicativas, así como os méritos académicos e, de ser o caso, profesionais, dos aspirantes.

3. Para seren admitidos á proba, os solicitantes deberanse encontrar en posesión do título de diplomado universitario en enfermaría ou o seu equivalente recoñecido ou homologado en España, e estar en posesión da nacionalidade española ou exercer o dereito á libre circulación de traballadores conforme a súa definición no Tratado da Comunidade Europea ou noutros tratados ratificados por España, ou ter recoñecido tal dereito por norma legal.

4. Poderán tamén concorrer á proba os nacionais doutros Estados non incluídos no punto anterior, sempre que cumpran os requisitos establecidos pola lexislación aplicable. A convocatoria poderá determinar o número máximo de prazas que, de ser o caso, se lles poderán adxudicar a estes aspirantes.

5. A adxudicación das prazas ofertadas en cada convocatoria efectuarase seguindo a orde decrecente de maior a menor puntuación obtida por cada aspirante.

6. Os aspirantes aos cales se lles adxudicasen praza deberán tomar posesión desta co carácter de enfermeiros residentes, nos prazos que para tal efecto se sinalen. De non o faceren ou de renunciaren á praza adxudicada, perderán os seus dereitos e, salvo que acrediten un motivo suficiente para iso, poderán ser penalizados na súa puntuación ata nas dúas convocatorias seguintes.

As prazas que resulten non cubertas polos motivos indicados no parágrafo anterior poderanlles ser adxudicadas, por proposta das comunidades autónomas, aos aspirantes que inicialmente non obtiveron praza, na forma en que se determine na convocatoria.

7. A convocatoria da proba selectiva efectuaráa o ministro de Sanidade e Consumo e publicarase no «Boletín Oficial del Estado».

#### Artigo 5. *Oferta de prazas.*

A oferta anual de prazas fixarase conforme o previsto no punto 5 do artigo 22 da Lei 44/2003, do 21 de novembro, de ordenación das profesións sanitarias.

#### Artigo 6. *Acreditación de unidades docentes.*

1. Os ministros de Educación e Ciencia e de Sanidade e Consumo, por proposta da Comisión de Recursos Humanos do Sistema Nacional de Saúde, logo de informe do Foro Profesional, establecerán conxuntamente, mediante orde que se publicará no «Boletín Oficial del Estado», os requisitos que deberán reunir as unidades docentes para a súa acreditación.

Os requisitos de acreditación especificarán as escolas de Enfermería e os dispositivos docentes e asistenciais que deberán conformar, como mínimo, a unidade docente, así como os requisitos de coordinación e financiamento que, no caso de que tales dispositivos dependan de diferentes administracións ou organismos, se deberán articular para a súa adecuada xestión.

Tales requisitos poderán, de ser o caso, ser adaptados ás peculiaridades estruturais e organizativas dos servizos de saúde polas comunidades autónomas, que lle deberán comunicar as adaptacións que realicen á Comisión de Recursos Humanos do Sistema Nacional de Saúde.

2. A Axencia de Calidade do Sistema Nacional de Saúde coordinará as auditorías, informes e propostas necesarios para acreditar as unidades docentes e para avaliar o funcionamento e a calidade do sistema de formación, para o cal poderá solicitar a colaboración das axencias de calidade das comunidades autónomas e dos seus servizos de inspección, así como das entidades previstas no artigo 62.2 da Lei 16/2003, do 28 de maio, de cohesión e calidade do Sistema Nacional de Saúde.

3. Correspóndelle ao Ministerio de Sanidade e Consumo, por instancia da entidade ou entidades titulares da unidade, logo dos informes da súa Comisión de Docencia e da Consellería de Sanidade da comunidade autónoma, e de acordo cos informes e propostas a que se refire o punto anterior, resolver sobre as solicitudes de acreditación de unidades docentes.

A acreditación especificará, en todo caso, o número de prazas docentes acreditadas.

4. A revogación, total ou parcial, da acreditación concedida realizarase, de ser o caso, polo mesmo procedemento, oídas as comunidades autónomas, a entidade titular da unidade afectada e a súa Comisión de Docencia.

#### Artigo 7. *Programas de formación.*

1. Os programas de formación das especialidades de enfermaría deberán especificar os obxectivos cuantitativos e cualitativos e as competencias profesionais que deberá adquirir o aspirante ao título e determinarán a duración da formación. Indicarán, cando iso proceda, as áreas específicas para cuxo ensino será necesario encontrarse en posesión do título de especialista.

2. O programa de formación de cada unha das especialidades será elaborado pola comisión nacional correspondente. Unha vez ratificado polo Consello Nacional de Especialidades en Ciencias da Saúde, e logo dos informes da Comisión de Recursos Humanos do Sistema Nacional de Saúde e do Ministerio de Educación e Ciencia, será aprobado polo Ministerio de Sanidade e Consumo.

3. Os programas de formación serán revisados e actualizados periodicamente polo procedemento establecido no punto anterior.

4. Unha vez aprobados, os programas de formación, as súas revisións e actualizacións serán publicados no «Boletín Oficial del Estado» para xeral coñecemento.

#### Artigo 8. *Comisións nacionais de especialidade.*

1. Por cada unha das especialidades de enfermaría e como órgano asesor dos ministerios de Educación e Ciencia e de Sanidade e Consumo no campo da correspondente especialidade, constituirase unha comisión nacional designada polo Ministerio de Sanidade e Consumo, de acordo coa seguinte composición:

a) Dous vogais propostos polo Ministerio de Educación e Ciencia, dos cales polo menos un deberá ter a condición de titor da formación na correspondente especialidade.

b) Catro vogais de entre os especialistas de recoñecido prestixio que propoña a Comisión de Recursos Humanos do Sistema Nacional de Saúde.

c) Dous vogais en representación das entidades e sociedades científicas de ámbito estatal da correspondente especialidade.

d) Un vogal en representación do Consello Xeral de Colexios Oficiais de Enfermaría.

e) Dous representantes dos enfermeiros especialistas en formación elixidos por estes.

2. Todos os membros da comisión nacional se deberán encontrar en posesión do título de enfermeiro especialista da especialidade correspondente, salvo os previstos no punto 1.e). Serán nomeados pola Subsecretaría de Sanidade e Consumo e cesarán cando así o propoña a institución á cal representen ou aos catro anos do seu nomeamento. Os que cesen polo transcurso do dito prazo poderán ser novamente propostos e designados membros da comisión, exclusivamente para un novo mandato.

Os membros da comisión previstos no punto 1.e) serán elixidos para un período de dous anos, e en todo caso estes membros cesarán ao concluír o seu período formativo.

3. O Ministerio de Sanidade e Consumo, mediante resolución motivada e oída previamente a correspondente comisión, poderá acordar o cesamento de todos os seus membros ou de parte deles cando a comisión non cumpra adecuadamente as súas funcións.

4. Correspóndelle a cada comisión nacional, no ámbito da respectiva especialidade, o desenvolvemento das seguintes funcións:

a) Designar, de entre os seus membros, o presidente e o vicepresidente da comisión.

b) Elaborar e propor o programa de formación e a súa duración.

c) O establecemento de criterios para a avaliación de unidades docentes e formativas.

d) O establecemento de criterios para a avaliación dos especialistas en formación.

e) O informe sobre programas e criterios relativos á formación continuada dos enfermeiros, especialmente os que se refiran á acreditación e á acreditación avanzada de profesionais en áreas funcionais específicas dentro do campo da especialidade.

f) A participación no deseño dos plans integrais dentro do ámbito da correspondente especialidade.

g) O establecemento dos criterios para a avaliación no suposto de nova especialización.

h) A proposta de creación de áreas de capacitación específica.

#### Artigo 9. *Comisión Delegada de Enfermaría do Consello Nacional de Especialidades en Ciencias da Saúde.*

1. A Comisión Delegada de Enfermaría do Consello Nacional de Especialidades en Ciencias da Saúde ten a seguinte composición:

a) Os presidentes das comisións nacionais de especialidades de enfermaría.

b) Os dous vogais do Consello Nacional de Especialidades en Ciencias da Saúde designados polas comisións nacionais de especialidades de enfermaría e polo Consello Xeral de Colexios Oficiais de Diplomados en Enfermaría conforme o artigo 30.1.b) da Lei 44/2003, do 21 de novembro, de ordenación das profesións sanitarias.

c) Un representante de cada un dos ministerios de Sanidade e Consumo e de Educación e Ciencia.

d) Un representante das comunidades autónomas designado pola Comisión de Recursos Humanos do Sistema Nacional de Saúde.

2. A Comisión Delegada de Enfermaría desenvolverá as funcións que o Consello Nacional de Especialidades en Ciencias da Saúde lle encomende ou delegue.

En todo caso, corresponderalle propor ao Consello Nacional de Especialidades en Ciencias da Saúde os informes ou propostas que deba emitir este órgano nas seguintes materias:

a) Requisitos de acreditación das unidades docentes para a formación de enfermeiros especialistas.

b) Propostas de programas de formación de especialidades de enfermaría.

c) Promoción e difusión das innovacións metodolóxicas no campo da enfermaría especializada.

d) Fomento e promoción da investigación no campo dos estudos das especialidades de enfermaría.

e) Normas reguladoras da proba prevista no artigo 4.

f) Oferta de prazas das convocatorias para o acceso á formación en especialidades de enfermaría.

g) Proxectos de disposicións de carácter xeral relativos ás especialidades de enfermaría, ou que pola súa específica natureza afecten o ámbito das ditas especialidades.

3. A Comisión Delegada de Enfermaría do Consello Nacional de Especialidades en Ciencias da Saúde designará, de entre os seus membros, o seu presidente e o seu vicepresidente.

Disposición adicional primeira. *Secretaría e apoio ás comisións nacionais e á Comisión Delegada de Enfermaría do Consello Nacional de Especialidades en Ciencias da Saúde.*

O Ministerio de Sanidade e Consumo prestará o apoio técnico e administrativo que resulte necesario para o funcionamento das comisións nacionais e da Comisión Delegada de Enfermaría do Consello Nacional de Especialidades en Ciencias da Saúde.

Así mesmo, o dito ministerio designará os funcionarios que desempeñarán, con voz pero sen voto, a secretaría das citadas comisión delegada e comisións nacionais.

Disposición adicional segunda. *Supresión de especialidades anteriores.*

1. Quedan suprimidas as especialidades de diplomados universitarios en enfermaría e de axudantes técnico-sanitarios que a continuación se relacionan:

a) A especialidade de neuroloxía, creada polo Decreto 3192/1970, do 22 de outubro.

b) A especialidade de uroloxía e nefroloxía, creada polo Decreto 2233/1975, do 24 de xullo.

c) A especialidade de análises clínicas, creada polo Decreto 203/1971, do 28 de xaneiro.

d) A especialidade de radioloxía e electroloxía, creada polo Decreto 1153/1961, do 22 de xuño.

e) A especialidade de enfermaría de coidados especiais, creada polo Real decreto 992/1987, do 3 de xullo.

f) A especialidade de pediatría e puericultura, creada polo Decreto 3524/1964, do 22 de outubro.

g) A especialidade de psiquiatría, creada polo Decreto 3193/1970, do 22 de outubro.

h) A especialidade de asistencia obstétrica (matrona), creada polo Decreto do 18 de xaneiro de 1957, modificado polo Real decreto 2287/1980, do 26 de setembro.

i) A especialidade de enfermaría de saúde comunitaria, creada polo Real decreto 992/1987, do 3 de xullo.

j) A especialidade de xerencia e administración de enfermaría, creada polo Real decreto 992/1987, do 3 de xullo.

2. A partir da entrada en vigor deste real decreto, non se poderán expedir novos títulos de especialista das especialidades indicadas no punto anterior.

3. Os diplomados universitarios en enfermaría ou axudantes técnico-sanitarios que se encontren en posesión dalgún dos títulos de especialista suprimidos por esta disposición adicional poderán solicitar do Ministerio de Educación e Ciencia, a partir da entrada en vigor deste real decreto, a expedición dun novo título de especialista de acordo coas seguintes regras:

a) Os que se encontren en posesión dos títulos indicados no punto 1.a) a e) poderán solicitar a expedición do título de especialista en enfermaría de coidados médico-cirúrxicos.

b) Os que se encontren en posesión do título previsto no punto 1.f) poderán solicitar a expedición do título de especialista en enfermaría pediátrica.

c) Os que se encontren en posesión do título indicado no punto 1.g) poderán solicitar a expedición do título de especialista en enfermaría de saúde mental.

d) Os que se encontren en posesión do título indicado no punto 1.h) poderán solicitar a expedición do título de especialista en enfermaría obstétrico-xinecolóxica (matrona).

**Disposición adicional terceira. Creación de categorías e prazas de especialista.**

A obtención do título de enfermeiro especialista por profesionais que presten ou pasen a prestar servizos en centros e servizos sanitarios do Sistema Nacional de Saúde non implicará o acceso automático á categoría e prazas de especialistas concordantes, nin o dereito á adquisición da condición de persoal fixo ou temporal en categorías xa existentes ou de nova creación dentro do servizo de saúde de que se trate. O devandito acceso deberase producir a través dos sistemas de selección e provisión de prazas establecidos na Lei 55/2003, do 16 de decembro, do Estatuto marco do persoal estatutario dos Servizos de Saúde, ou norma que resulte aplicable.

Tampouco suporá o dereito ao desempeño automático das funcións correspondentes á devandita categoría nin á percepción de diferenza retributiva ningunha.

**Disposición adicional cuarta. Constitución das comisións de docencia.**

As comunidades autónomas, dentro dos criterios xerais que fixe a Comisión de Recursos Humanos do Sistema Nacional de Saúde, determinarán a dependencia funcional, a composición e as funcións das comisións de docencia previstas neste real decreto.

**Disposición adicional quinta. Comisión de Coordinación.**

Para a necesaria coordinación entre o sistema sanitario e educativo, no que fai referencia ás accións encamiñadas a servir de nexos entre a formación especializada en enfermaría e os títulos emanados dentro do marco do Espazo Europeo de Educación Superior, créase unha Comisión de Coordinación entre o Ministerio de Sanidade e Consumo e o de Educación e Ciencia, composta por tres representantes de cada departamento, designados polas direccións xerais de Recursos Humanos e Servizos Económico-Orzamentarios e de universidades, respectivamente.

**Disposición transitoria primeira. Constitución das primeiras comisións nacionais e da Comisión Delegada de Enfermería.**

1. Os ministerios de Sanidade e Consumo e de Educación e Ciencia adoptarán as medidas necesarias para que as comisións nacionais de todas as especialidades de enfermaría se constitúan no prazo de tres meses a partir da entrada en vigor deste real decreto.

Os membros das devanditas comisións deberán estar en posesión do título de enfermeiro especialista que en cada caso corresponda.

Cando nunha especialidade non existan especialistas, o Ministerio de Educación e Ciencia, logo de informe do Ministerio de Sanidade e Consumo e oídas a organización colexial de Enfermería e as sociedades científicas, concederá o correspondente título de enfermeiro especialista a aqueles vogais citados nas alíneas a), b), c) e d) do artigo 8.1 que sexan designados para o primeiro mandato da comisión nacional de que se trate, sempre que a dita designación recaia en persoas de recoñecido prestixio e unha experiencia profesional de polo menos cinco anos no campo propio da especialidade correspondente.

2. Mentres se constitúe o Consello Nacional de Especialidades en Ciencias da Saúde, as funcións do dito órgano en relación coas especialidades de enfermaría serán desenvolvidas pola comisión delegada prevista no artigo 9.

Mentres se procede á súa constitución, as funcións da comisión delegada desenvolveráas o Comité Asesor de Especialidades de Enfermería a que se refire a disposición transitoria cuarta do Real decreto 992/1987, do 3 de xullo.

**Disposición transitoria segunda. Acceso excepcional ao título de especialista.**

1. Malia o establecido no artigo 1.2, poderán acceder a un único título de enfermeiro, ou de axudante técnico-sanitario, especialista das especialidades incluídas no artigo 2, os correspondentes titulados que acrediten o exercicio profesional e que superen unha proba de avaliación da competencia, nos termos e polo procedemento previstos nos puntos seguintes.

2. Os aspirantes deberán encontrar nunha das seguintes situacións:

a) Ter exercido como enfermeiro as actividades propias da especialidade que se solicite durante un período mínimo de catro anos.

b) Ter exercido como enfermeiro as actividades propias da especialidade que se solicite durante un período mínimo de dous anos, sempre que, ademais, se acredite a adquisición dunha formación continuada acreditada segundo o previsto na Lei 44/2003, do 21 de novembro, de polo menos 40 créditos no campo da respectiva especialidade. A devandita formación complementaria poderase realizar durante o prazo de presentación de solicitudes establecido no punto 4 desta disposición transitoria.

Considerarase cumprido o período de formación complementaria cando o interesado acredite estar en posesión dun título de posgra de carácter universitario que inclúa unha formación relacionada coa respectiva especialidade non inferior a 20 créditos ou 200 horas.

No caso dos aspirantes ao título de enfermeiro especialista en enfermaría do traballo, entenderase cumprido o período de formación complementaria cando o interesado se encontre en posesión do diploma de enfermaría do traballo ou do diploma de ATS/DUE de empresa e non poida acceder ao título de enfermeiro especialista de acordo co disposto na disposición transitoria terceira.

c) Ter exercido durante polo menos tres anos como profesor de escolas universitarias de enfermaría e adscritas, en áreas de coñecemento relacionadas coa especialidade de que se trate, sempre que, ademais, se acredite polo menos un ano de actividade asistencial en actividades propias da especialidade solicitada.

3. Os requisitos establecidos no punto 2 deberán reunir con anterioridade á data de publicación no «Boletín Oficial del Estado» da convocatoria da proba anual de carácter estatal en que, por primeira vez, se oferten prazos de formación na especialidade cuxo título se aspira a obter.

No caso de aspirantes ao título de especialista en enfermaría de saúde mental, tales requisitos deberán ter sido reunidos antes do 4 de agosto de 1998.

O establecido nos dous puntos anteriores enténdese sen prexuízo de que a formación complementaria se poida desenvolver durante o prazo de presentación de solicitudes previsto no punto 4.

4. As solicitudes para a obtención do título conforme esta disposición transitoria poderanse presentar desde a entrada en vigor deste real decreto. O prazo de presentación de solicitudes finalizará, para cada especialidade, aos seis meses da publicación no «Boletín Oficial del Estado» da convocatoria da proba anual de carácter estatal en que, por primeira vez, se oferten prazos de formación na especialidade correspondente.

No caso da especialidade de saúde mental, o prazo de presentación de solicitudes será de dous anos, contado desde a entrada en vigor deste real decreto.

As solicitudes dirixiranse á Secretaría de Estado de Universidades e Investigación e presentaranse nos servizos centrais ou periféricos do Ministerio de Educación e Ciencia ou en calquera dos lugares previstos no artigo 38.4 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

Á solicitude achegaráselle a documentación que acredite que o interesado reúne os requisitos establecidos no punto 2, especialmente os relativos ao título de diplomado en enfermaría ou de axudante técnico-sanitario, aos servizos prestados na correspondente especialidade, ás actividades docentes realizadas polo interesado e á formación complementaria, segundo corresponda.

A documentación indicada poderase presentar en orixinais ou en copias compulsadas.

5. As solicitudes serán tramitadas pola Dirección Xeral de Universidades do Ministerio de Educación e Ciencia, de acordo co procedemento xeral establecido na Lei 30/1992, do 26 de novembro, coas peculiaridades que se establecen nesta disposición transitoria.

Unha comisión mixta, composta por funcionarios dos ministerios de Educación e Ciencia e de Sanidade e Consumo, analizará as solicitudes presentadas.

A comisión poderalles solicitar informe, de o considerar necesario, ás comisións nacionais das distintas especialidades, así como á Comisión de formación continuada das profesións sanitarias, no relativo á valoración das actividades de formación continuada non acreditada que realizasen os solicitantes.

Por proposta da comisión mixta, a Dirección Xeral de Universidades ditará unha resolución que declare a admisión ou exclusión dos interesados á proba obxectiva a que se refire o punto seguinte, que se lles notificará aos interesados no prazo máximo de seis meses desde que conclúa o prazo de presentación de solicitudes establecido no punto 4.

6. O secretario de Estado de Universidades e Investigación do Ministerio de Educación e Ciencia, por proposta da Dirección Xeral de Recursos Humanos e Servizos Económico-Orzamentarios do Ministerio de Sanidade e Consumo e da Dirección Xeral de Universidades, logo de informe da Comisión Delegada de Enfermería do Consello Nacional de Especialidades en Ciencias da Saúde, mediante unha resolución que se publicará no «Boletín Oficial del Estado», aprobará as bases da convocatoria da proba obxectiva. Nas indicadas bases determinarase o contido da proba, a composición da comisión avaliadora, o sistema de avaliación e cantos aspectos se consideren necesarios para a súa adecuada organización.

Na comisión avaliadora participarán polo menos dous membros da comisión nacional da especialidade afectada propostos pola propia comisión nacional.

A proba obxectiva dirixirase a avaliar a competencia dos aspirantes nos seus ámbitos de coñecementos, habilidades e actitudes necesarios para o adecuado exercicio da especialidade de que se trate.

7. O establecido nesta disposición transitoria non será de aplicación á especialidade de enfermaría obstétrico-xinecolóxica (matrona).

Disposición transitoria terceira. *Réxime especial de acceso ao título de especialista en enfermaría do traballo.*

1. Poderán acceder directamente ao título de especialista en enfermaría do traballo os diplomados en enfermaría e axudantes técnico-sanitarios que se encontren en posesión do diploma de ATS/DUE de empresa ou de enfermaría do traballo, sempre e cando acrediten que, antes de que finalice o prazo de presentación de solicitudes establecido no punto seguinte, posúen un exercicio profesional mínimo de catro anos no correspondente ámbito.

2. As solicitudes de expedición do título de especialista en enfermaría do traballo, conforme o previsto nesta disposición transitoria, deberán dirixir á Secretaría de Estado de Universidades e Investigación do Ministerio de Educación e Ciencia, no prazo de 12 meses contado desde a entrada en vigor deste real decreto, acompañadas da documentación que acredite o cumprimento dos requisitos establecidos no punto anterior.

3. A partir da entrada en vigor deste real decreto, non se convocarán máis cursos para a formación de enfermeiros de empresa, sen que iso supoña modificación ningunha do ámbito funcional para o que están actualmente habilitados os diplomados universitarios en enfermaría e os axudantes técnico-sanitarios que teñan o diploma correspondente.

Disposición transitoria cuarta. *Períodos de formación en curso.*

O establecido neste real decreto non resultará de aplicación aos períodos de formación en especialidades de enfermaría iniciados con anterioridade á súa entrada en vigor, que se desenvolverán de acordo co previsto nas normas que os regulaban.

Disposición transitoria quinta. *Adecuación de unidades docentes.*

As unidades docentes acreditadas para a formación en especialidades de enfermaría con anterioridade á entrada en vigor deste real decreto deberán adaptarse ao disposto neste no prazo de tres anos, contado desde a aprobación dos novos requisitos de acreditación da correspondente especialidade.

Disposición derogatoria única. *Derrogación normativa.*

Quedan derogadas cantas disposicións de igual ou inferior rango se opoñan ao previsto neste real decreto e, especialmente:

- a) O Real decreto 992/1987, do 3 de xullo, polo que se regula a obtención do título de enfermeiro especialista.
- b) A Orde do Ministerio da Presidencia, do 24 de xuño de 1998, pola que se desenvolve o Real decreto 992/1987, do 3 de xullo, sobre a obtención do título de enfermeiro especialista. Non obstante, continuarán transitoriamente vixentes, mentres non se desenvolve o previsto neste real decreto, os seus artigos 7, 8 e 9.

Disposición derradeira primeira. *Título competencial.*

Este real decreto apróbase en uso das competencias que lle atribúe en exclusiva ao Estado o artigo 149.1.30.<sup>a</sup> da Constitución para regular as condicións de obtención, expedición e homologación de títulos profesionais, e conforme as que a Lei 44/2003, do 21 de novembro, de ordenación das profesións sanitarias, asigna o Goberno para a creación, cambio de denominación e supresión das especialidades sanitarias e para a determinación das condicións de obtención, expedición e homologación dos títulos correspondentes.

Disposición derradeira segunda. *Normas de desenvolvemento.*

Os ministros de Educación e Ciencia e de Sanidade e Consumo adoptarán, conxuntamente ou no ámbito das súas respectivas competencias, as disposicións que resulten necesarias para o desenvolvemento e aplicación do disposto neste real decreto.

Disposición derradeira terceira. *Entrada en vigor.*

Este real decreto entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Dado en Madrid o 22 de abril de 2005.

JUAN CARLOS R.

A vicepresidenta primeira do Goberno  
e ministra da Presidencia,  
MARÍA TERESA FERNÁNDEZ DE LA VEGA SANZ

**7355** *ORDE PRE/1216/2005, do 29 de abril, pola que se regula a xestión de determinada produción de azucre exenta do pagamento da cotización á produción. («BOE» 108, do 6-5-2005.)*

O Regulamento (CE) n.º 314/2002, da Comisión, do 20 de febreiro de 2002, polo que se establecen disposicións de aplicación do réxime de cotas no sector do azucre, dispuxo no punto 2, letras f) e h), do artigo 1, que as cantida-

des de azucre invertido e de xaropes que fosen destinadas á súa transformación en alcohol ou en ron, respectando os criterios de pureza e contido fixados nel, non entrarían no cálculo da produción de azucre para efectos do pagamento das correspondentes cotizacións á produción.

Este regulamento modificouse recentemente polo tamén Regulamento (CE) n.º 38/2004 da Comisión, do 9 de xaneiro, mediante a adopción dunha serie de medidas que afectan, entre outros, tres aspectos básicos daquela regulación: en primeiro lugar, a extensión da medida exonerativa do cálculo de produción de azucre ás cantidades de xaropes que se destinarán á produción de lévedos vivos; en segundo lugar, o establecemento dun sistema de control das empresas de transformación de azucre en alcohol ou en ron ou de produción de lévedos mediante a súa pertinente acreditación; e, en terceiro lugar, e respecto das empresas produtoras de azucre, a obriga de formular declaracións con carácter previo ás entregas do produto con destino á súa transformación en alcohol, en ron, á produción de lévedos, así como á produción de xaropes para untar e para transformar en Rinse Appels-troop.

No ámbito interno, o Real decreto 214/1987, do 16 de xaneiro, establece unha serie de medidas para a liquidación, recadación e control da cotización sobre a produción do azucre e isoglicosa e a cotización para a compensación dos gastos de almacenamento no sector do azucre, facultando, de maneira conxunta, os Ministerios de Economía e Facenda, de Agricultura, Pesca e Alimentación e o actual Ministerio de Industria, Turismo e Comercio, entón Ministerio de Industria e Enerxía, para o establecemento dos libros, rexistros e demais obrigas formais que deban cumprir as empresas azucreiras e de isoglicosa; así mesmo, autorizábase os devanditos departamentos para que, no ámbito das súas respectivas competencias, puidesen ditar as procedentes disposicións de desenvolvemento.

En cumprimento daquel mandato, a Orde do 25 de setembro de 1987 do Ministerio de Economía e Facenda regula a xestión das cotizacións e da exacción reguladora sobre o azucre e a isoglicosa, con determinación, para o efecto, das competencias e facultades atribuídas na materia á Aduana Xestora e ás oficinas de control do azucre. Entre as cotizacións, cuxa xestión se regula na devandita orde, figura a cotización para a compensación dos gastos de almacenamento, a cal quedou suprimida, ao non recollerse esta na nova Organización Común de Mercados no sector do azucre establecida no Regulamento (CE) n.º 1260/2001 do Consello, do 19 de xuño de 2001.

No uso da competencia atribuída e de conformidade co establecido no artigo 25.f) da Lei 50/1997, do 27 de novembro, do Goberno, por proposta do vicepresidente segundo do Goberno e ministro de Economía e Facenda, ministro de Industria, Turismo e Comercio e Ministra de Agricultura, Pesca e Alimentación, e de acordo co Consello de Estado, dispoño:

Primeiro. *Ámbito de aplicación.*—As disposicións da presente orde son de aplicación ás producións de azucre, exentas do pagamento de cotización á produción, que se indican nas letras f) e h) do punto 2 do artigo 1 do Regulamento (CE) 314/2002.

Segundo. *Acreditación e compromisos das empresas transformadoras.*

1. Acreditación.

As empresas que utilicen azucre invertido e xaropes, para a súa transformación en alcohol ou en ron, así como xaropes para a produción de lévedos vivos ou para a súa transformación en xaropes para untar e «rinse appels-troop», deberán presentar unha solicitude de acreditación conforme o modelo que figura no anexo I da presente orde.